

CATÁLOGO

ESTABLECEMENTOS DE ACUICULTURA NA PARTE
LITORAL E INTERIOR DA ZONA TERRESTRE



XUNTA
DE GALICIA

EDITA

XUNTA

DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

ELABORA

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

DESEÑO

cristinazzdesign

MAQUETACIÓN

Grafisant, S.L.

ANO DE EDICIÓN

2022

LUGAR DE EDICIÓN

Santiago de Compostela

ESTABLECEMENTOS DE ACUICULTURA NA PARTE LITORAL E INTERIOR DA ZONA TERRESTRE

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

ÍNDICE

- PÁX. 7 1. Introducción
- PÁX. 8 Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- PÁX. 8 Catálogos
- PÁX. 8 Instalación de establecementos de acuicultura na parte litoral e interior da zona terrestre. Conceptos
- PÁX. 11 Esquema do proceso

- PÁX. 13 2. Actuacións previas

- PÁX. 15 3. Trámites para a posta en marcha dun establecemento de acuicultura na parte litoral e interior da zona terrestre ou para a súa modificación substancial na parte litoral.
- PÁX. 16 Resumo do proceso

- PÁX. 17 4. Permiso de actividade para a instalación de establecementos de acuicultura na parte litoral e interior da zona terrestre ou para a súa modificación substancial na parte litoral

- PÁX. 27 5. Inscripción no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega)

- PÁX. 31 6. Solicitud para que o proxecto poida ser declarado iniciativa empresarial prioritaria (IEP)

- PÁX. 35 7. Procedementos relacionados

- PÁX. 37 Anexo 1. Tramitación ambiental

- PÁX. 41 Anexo 2. Tramitación na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre

- PÁX. 45 Anexo 3. Tramitación municipal
- PÁX. 46 Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello
- PÁX. 46 Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso
- PÁX. 47 Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade
- PÁX. 52 Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras
- PÁX. 55 Cambios de titularidade da actividade ou establecemento

1. INTRODUCCIÓN

LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

A **Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia**, ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lles **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e tamén a local nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

CATÁLOGOS

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos** aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificase que, a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta aos **“catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento”**.

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

INSTALACIÓN DE ESTABLECEMENTOS DE ACUICULTURA NA PARTE LITORAL E INTERIOR DA ZONA TERRESTRE. CONCEPTOS

Cada un dos catálogos que se aprobe deberá recoller os trámites necesarios para a determinación das iniciativas empresariais.

En concreto, o obxecto deste documento sería a actividade empresarial de acuicultura na parte litoral e interior da zona terrestre regulada pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia; polo Decreto 274/2003, do 4 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre, no relativo á acuicultura na parte litoral; pola Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia; e na Orde do 25 de outubro de 1999 pola que se regula o funcionamento dos centros de acuicultura en augas continentais e o seu rexistro, no relativo á acuicultura interior da zona terrestre.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva en materia de acuicultura, de acordo co establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia. En desenvolvemento desta competencia, a Lei de pesca de Galicia regula a acuicultura mariña, tanto a que se realiza na zona mariña como a que se leva a cabo na zona marítimo-terrestre ou terrestre.

Enténdese por acuicultura a cría ou o cultivo de organismos acuáticos con técnicas encamiñadas a aumentar a produción dos organismos en cuestión por enriba das capacidades naturais do medio.

A actividade de acuicultura poderase realizar na zona terrestre, na zona marítimo-terrestre ou ben na zona marítima, en instalacións fixas, flotantes ou a medias augas.

O exercicio por toda persoa física ou xurídica da actividade de acuicultura require un título administrativo habilitante previo, outorgado pola consellería competente, sen prexuízo dos permisos, das licenzas e das autorizacións que lles corresponda outorgar a outros organismos no exercicio das súas competencias.

Os títulos administrativos que habilitan para o exercicio da acuicultura adoptarán algunha das seguintes modalidades:


- a) Concesión de actividade.
- b) Permiso de actividade.

Os establecementos que precisen ocupar para a súa instalación, posta en funcionamento e explotación terreos de dominio público marítimo ou marítimo-terrestre precisarán da concesión de actividade que outorgará a consellería competente en materia de acuicultura, de conformidade co procedemento que regulamentariamente se estableza, logo de informe preceptivo e vinculante da Administración do Estado sobre a ocupación do dominio público.

Unha vez obtido o título habilitante por parte da Administración autonómica, iniciaranse os trámites municipais oportunos para a construción das instalacións. Estes trámites figuran no anexo 2.

Para os efectos deste catálogo, resulta importante definir os distintos tipos de establecementos de acuicultura suxeitos a este procedemento e que se poden autorizar en zona terrestre:

- **Granxas mariñas:** instalacións fixas situadas na zona terrestre, alimentadas directa ou indirectamente por auga de mar a través de conducións desmontables onde se desenvolven os cultivos mariños. Estas instalacións, localizadas en terra firme, úsanse para o engorde das crías (sementes e alevíns) ata que acadan o tamaño comercial.
- **Criadeiros:** instalacións fixas onde se realiza a reprodución e a cría larvaria de especies mariñas. Precisan de sistemas que lles permitan abastecerse de auga de mar.
- **Piscifactorías continentais:** centros de acuicultura en augas continentais que abranguen todo tipo de instalacións nas que se manteñen vivas especies que habitan ou poidan habitar nas augas continentais, así como os seus ovos ou gametos, con fins de produción, comercialización ou consumo, e nas que se faga uso de augas continentais.



2. ACTUACIONES PREVIAS

2.1. Viabilidade urbanística da actuación

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo no que se pretenda implantar, segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes exigencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, para os efectos de determinar a viabilidade urbanística da actuación.

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído.

Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os 2 meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal”.

2.2. Informes ou autorizacións sectoriais

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultala calquera interesado no Plan Básico Autonómico de Galicia, que constitúe unha ferramenta dinámica indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que lle permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante desde o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa comunidade autónoma.

O visor do Plan Básico Autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

2.3. Réxime do solo rústico

O artigo 35.1. j) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), establece como uso admisible en solo rústico as construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura; e a letra j) do artigo 50.1 do Decreto 143/2016, do 23 de setembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei do solo, engade entre os usos admisibles as instalacións auxiliares.

De acordo co establecido no artigo 36 da LSG, o dito uso será obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística.

En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

3. TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA DUN ESTABLECEMENTO DE ACUICULTURA NA PARTE LITORAL E INTERIOR DA ZONA TERRESTRE OU PARA A SÚA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL NA PARTE LITORAL.

RESUMO DO PROCESO

O que se pretende con este catálogo é que as persoas interesadas en poñer en marcha a actividade de acuicultura na parte litoral e interior da zona terrestre teñan unha guía clara e cronolóxica de todos os trámites e actuacións necesarios para a súa autorización. Quedarían fóra do ámbito deste catálogo todos os trámites relativos á constitución e posta en marcha da empresa e á contratación de persoal, os vinculados á súa actividade ordinaria (tributación, Seguridade Social...), así como os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

A intención deste resumo é proporcionarlle á persoa promotora unha visión sinxela e global do conxunto do procedemento, que se desagregará ao longo do documento. Nos seguintes apartados inclúese unha relación detallada dos contidos e requisitos dos distintos trámites, facendo referencia en cada caso aos artigos concretos das normas legais reguladoras destes.

4. PERMISO DE ACTIVIDADE PARA A INSTALACIÓN
DE ESTABLECEMENTOS DE ACUICULTURA NA PARTE
LITORAL E INTERIOR DA ZONA TERRESTRE OU PARA A
SÚA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL NA PARTE LITORAL

O procedemento administrativo para obter o permiso para a instalación de establecementos de acuicultura na parte litoral e interior da zona terrestre, ou para a súa modificación substancial na parte litoral, iníciase coa presentación do formulario de solicitude de autorización PE503A, en aplicación do Decreto 274/2003, do 9 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención de permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre, en todo o que non se opoña ao establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

Os establecementos de acuicultura na zona terrestre requirirán do permiso de actividade outorgado pola Consellería do Mar, sen prexuízo dos permisos, licenzas e autorizacións que lles corresponda outorgar a outros organismos no exercicio das súas competencias, nomeadamente a autorización autonómica na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, no suposto de que a actuación se implante nesa zona, autorización que corresponde emitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Pola súa banda, e de conformidade co previsto na disposición adicional terceira do Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, no caso de que os establecementos de acuicultura que, ademais da autorización autonómica prevista no referido decreto, requiriran para o exercicio da actividade de cultivos mariños do título administrativo habilitante outorgado pola consellería competente en materia de acuicultura, presentárase unha única solicitude de autorización ante a dita consellería, tal como se indica na páxina 12, e seguirase o procedemento previsto na referida disposición adicional.

Unha vez presentada a solicitude para o permiso de actividade, e logo dos oportunos requirimentos de emenda da documentación exixida pola norma e que figura na ficha explicativa do procedemento, abrírase un período de **información pública** mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que non será inferior a 20 días, para a presentación de posibles alegacións.

O órgano substantivo procederá a realizar a solicitude dos informes que se relacionan a continuación:

Informes ambientais

Se o proxecto debe someterse ao trámite ambiental, remitirase copia do expediente ao órgano ambiental competente para os efectos previstos na normativa de aplicación a tales procedementos.

Informes xerais

O órgano substantivo remitirá copia de todo o expediente aos distintos órganos que deban pronunciarse sobre as diferentes materias da súa competencia no prazo máximo dun mes.

No suposto de non emitirse o informe neste prazo, proseguirase coa tramitación das actuacións, excepto nos supostos de informes preceptivos que sexan determinantes para a resolución do procedemento, nos que se poderá interromper o prazo dos trámites sucesivos.

En ningún caso se poderá acordar a suspensión do prazo de emisión de informe. Non obstante, o informe emitido fóra de prazo recibido antes de ditar a resolución deberá ser valorado pola consellería competente en materia de acuicultura.

Informe de compatibilidade co Plan de Ordenación do Litoral (POL)

Deberá analizarse se a actuación proposta para implantar unha actividade de acuicultura ten encaixe no Plan de Ordenación do Litoral (POL).

O POL recolle no artigo 46 unha listaxe xeral de usos admisibles en solo rústico e, entre estes, admite os establecementos de acuicultura como uso construtivo baixo o código: "212. construcións e instalacións de acuicultura en terra".

Estes usos clasifícaos o POL en permitidos (artigo 48), compatibles (artigo 49) ou incompatibles (artigo 50) e establece para cada unha das áreas delimitadas os usos permitidos, compatibles ou incompatibles.

Para unha nova construción ou instalación de acuicultura en terra considérase uso permitido nas zonas de ordenación (artigo 56.1 do POL), compatible nas zonas de mellora ambiental e paisaxística (artigo 55.2), e incompatible nas zonas de protección intermareal, costeira, os corredores e os espazos de interese (artigos 53.3, 54.3, 57.3 e 58.3).

No suposto de que se trate dun uso a implantar nas zonas de mellora ambiental e paisaxística e, polo tanto, compatible, deberá solicitarse o informe preceptivo ao Instituto de Estudos do Territorio, antes da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, de conformidade co previsto no artigo 51 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral.

As zonas poden ser consultadas na seguinte ligazón:

<http://webpol.xunta.gal/web/index.php/cartografia>

Existe unha publicación editada polo Instituto de Estudos do Territorio que recolle, a maneira de boas prácticas, recomendacións desta actividade (acuicultura) en materia da súa integración na paisaxe da súa localización: a "Guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral", que se pode descargar desde a web da consellería:

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=125772&name=DLFE28892.pdf

Informe sobre as repercusións en espazos naturais protexidos

Cando a instalación ou establecemento de acuicultura se proxecte en espazos naturais protexidos, será necesaria a obtención de informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de conservación da natureza. No caso de proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria ou simplificada, este informe incardínase na fase de consultas do órgano ambiental.

Autorización de verteduras

A consellería competente en materia de acuicultura remitirá copia de todo o expediente ao órgano competente da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia para que no prazo dun mes outorgue ou non autorización de verteduras. Se a resolución fose denegatoria, a consellería competente en materia de acuicultura deberá ditar resolución motivada denegatoria da concesión e do permiso de actividade solicitados.

Informe de ocupación de dominio público

No suposto de que para o desenvolvemento da actividade de acuicultura mariña na zona terrestre litoral sexa preciso ocupar terreos de dominio público marítimo-terrestre, corresponderalle á Administración do Estado, de conformidade co establecido no artigo 112.d da Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, emitir informe, con carácter preceptivo e vinculante, sobre tal ocupación e, se é o caso, determinar as características e duración dela.

Unha vez rematado o período de información pública, e recadados os informes que require a normativa de costas, a documentación que afecta ao informe sobre ocupación do dominio público terrestre será remitida pola consellería competente en materia de acuicultura á Administración do Estado para a emisión do referido informe no prazo máximo de dous meses desde a recepción do expediente.

Se o informe é contrario á ocupación do dominio público, a consellería competente deberá ditar resolución motivada denegatoria da actividade solicitada.

A solicitude á Administración do Estado do informe sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre suspenderá o cómputo do prazo máximo para resolver o procedemento tramitado pola comunidade autónoma e notificar a resolución, polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse ás persoas interesadas, e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada a aquelas.

Autorización en materia de costas

De conformidade co previsto na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; no Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas; e no Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, os establecementos de acuicultura están entre os usos admisibles na dita zona.

As obras e actuacións a desenvolver na citada zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre requiren a tramitación do procedemento de outorgamento da autorización autonómica sectorial en materia de costas por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Pola súa banda, segundo o sinalado anteriormente, e de conformidade co previsto na disposición adicional terceira do Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, no caso daqueles establecementos de acuicultura que, ademais da autorización autonómica en materia de servidume de protección, requiriran para o exercicio da actividade de cultivos mariños do título administrativo habilitante outorgado pola consellería competente en materia de acuicultura, presentarase unha única solicitude de autorización ante a dita consellería.

A continuación figuran fichas explicativas que sintetizan a información sobre o procedemento de autorización e sobre as taxas correspondentes, diferenciando sobre o tipo de documentación que cómpre presentar segundo se trate dun permiso de actividade na parte litoral da zona terrestre (ou a súa modificación substancial) ou dun permiso de actividade na parte interior da zona terrestre.

PE503A Permiso de actividade para a instalación de establecementos de acuicultura na parte litoral e interior da zona terrestre ou a súa modificación substancial na parte litoral

ÓRGANO RESPONSABLE

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

DESCRIPCIÓN

Permiso de actividade.

DOCUMENTACIÓN PARA PERMISO DE ACTIVIDADE NA PARTE LITORAL DA ZONA TERRESTRE OU A SÚA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL

- Formulario da solicitude de autorización (anexo I).
- Anexo II, só no caso de pluralidade de persoas solicitantes.
- Aboamento da taxa administrativa (32.36.09).
- Anexo III, nomeamento de representante para os efectos de presentación da solicitude.
- Documentación que acredite a titularidade dos terreos. Se a persoa solicitante non fose a titular deles, deberá achegar a documentación que acredite o réxime de ocupación destes e na que se inclúa a autorización expresa da persoa titular para instalar o establecemento e dedicalo á actividade acuícola solicitada durante, como mínimo, o período de vixencia do título administrativo habilitante.
- Proxecto do establecemento, suscrito por técnico/a competente, que incluíra planos, xeolocalización, información fotográfica da zona e orzamento das obras que se van realizar.
- Estudo económico-financieiro para o período de vixencia da explotación previsto na solicitude, suscrito por técnico ou técnica competente, que analice a rendibilidade da explotación con base en dous escenarios económicos, á alta e á baixa, e desenvolva a evolución previsible da explotación.
- Memoria técnico-biolóxica asinada por técnico/a competente que, como mínimo, incluíra unha descrición detallada da actividade que se vai desenvolver, especies obxecto de explotación e circulación hidráulica.
- Acreditación da dispoñibilidade da capacidade técnica axeitada aos requirimentos do establecemento de que se trate.
- Documento ambiental, conforme o disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia. O contido do documento ambiental estará determinado polas características do proxecto (ver Anexo 1 Tramitación ambiental).
- No caso de que o promotor sexa unha persoa xurídica:
 - Escritura acreditativa da constitución da sociedade inscrita no Rexistro Mercantil.
 - Estatutos polos que se rexe.
 - Acreditación da representación legal da empresa.

No caso de que o establecemento precise de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, ademais da documentación anterior, exixírase tamén:

- Plano 1/1000 no que se represente a liña de deslinde e a superficie de dominio público marítimo-terrestre que se vai ocupar.
- Plano de planta e carta náutica ou outra representación cartográfica, con coordenadas e batimetría.
- Certificación catastral correspondente aos terreos lindeiros.
- Xustificante acreditativo da constitución, ante a consellería competente en materia de acuicultura, da fianza ou garantía provisional correspondente ao 2% das obras que se van realizar, se é o caso, no dominio público marítimo-terrestre, segundo o artigo 88.1º da Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, no caso de non autorizar a súa consulta.

No suposto de que o establecemento precise da autorización de verteduras, ademais da documentación anterior, exixírase:

- Volumes de auga consumidos e verteduras.
- Punto de vertedura (coordenadas UTM ETRS89).
- Características analíticas da vertedura.
- Proxecto técnico das instalacións de tratamento da vertedura.
- Documentación para o Informe de compatibilidade coas estratexias mariñas segundo a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, e de acordo co artigo 5.2. do Real decreto 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas, de ser o caso:
 - ✓ Proxecto ou memoria da actuación que se pretende realizar.
 - ✓ Documentación técnica complementaria relativa aos hábitats e especies da zona onde se quere realizar a actuación.
 - ✓ Informe xustificativo da adecuación da actuación aos criterios de compatibilidade e da súa contribución á consecución dos obxectivos ambientais. No caso de actuacións que se desenvolvan en espazos mariños protexidos, este informe deberá incluír ademais unha análise específica en relación cos valores protexidos presentes nestes espazos e unha xustificación de que a actuación é compatible coa conservación destes valores.

DOCUMENTACIÓN PARA PERMISO DE ACTIVIDADE NA PARTE INTERIOR DA ZONA TERRESTRE

- Formulario da solicitude de autorización (anexo I).
- Anexo II, só no caso de pluralidade de persoas solicitantes.
- Aboamento da taxa administrativa (32.36.09).
- Anexo III, nomeamento de representante para os efectos de presentación da solicitude.
- Concesión de aproveitamento hidráulico outorgada polo organismo competente.
- Proxecto, asinado por persoal técnico competente, no que figurarán os seguintes documentos:
 - ▶ Datos de identificación da persoa promotora e das instalacións.
 - ▶ Planos de situación a escalas 1:50.000 e 1:10.000.
 - ▶ Descrición detallada das obras e instalacións, incluíndo planos e demais documentos que faciliten a súa interpretación.
 - ▶ Estudo do réxime natural dos caudais.
 - ▶ Caudal de concesión e procedencia das augas.
 - ▶ Memoria biolóxica na que, como mínimo, se detallará:
 - Caudais ecolóxicos.
 - Estudo de temperaturas.
 - Xustificación da elección da especie ou especies cultivables.
 - Carga instantánea.
 - Sistema de cultivo.
 - Produción por meses.
 - Tratamento de augas residuais.
 - ▶ Documento ambiental, conforme o disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia. O contido do documento ambiental estará determinado polas características do proxecto (ver Anexo 1 Tramitación ambiental).

No caso de que o promotor sexa unha persoa xurídica:

- Escritura acreditativa da constitución da sociedade inscrita no Rexistro Mercantil.
- Estatutos polos que se rexe.
- Acreditación da representación legal da empresa.

DOCUMENTACIÓN NO SUPOSTO DE QUE O ESTABLECIMENTO PRECISE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN MATERIA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE *(Disposición adicional terceira do Decreto 97/2019, do 18 de xullo)*

No suposto de que o establecemento precise tamén da autorización en materia de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, ademais da documentación anterior, exixírase:

- A referencia catastral da parcela obxecto da obra.
- Acreditación da propiedade ou dispoñibilidade dos terreos.
- Plano de deslindamento definitivo ou, de ser o caso, plano de definición provisional da liña de deslindamento a escala 1/1000 efectuado ou autenticado polo órgano correspondente da Administración do Estado, no cal deberá figurar grafada a situación e a ocupación exacta da actuación solicitada.

INFORMACIÓN PÚBLICA

Publicación no DOG. Non inferior a 20 días para os efectos de presentación de posibles alegacións.

SOLICITUDE DE INFORMES/ AUTORIZACIÓNS

- Informes dos distintos órganos que deban pronunciarse sobre as diferentes materias da súa competencia.
- Autorización de verteduras, se é o caso.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E TRÁMITE DE AUDIENCIA

Instruído o expediente, a consellería competente en materia de acuicultura ditará a proposta de resolución na que se incorporarán as resolucións que resulten dos informes vinculantes e na que se lles concederá un trámite de audiencia de 10 días naturais ás persoas interesadas.

De se realizaren alegacións, darase traslado destas, xunto coa proposta de resolución, aos órganos competentes para emitir informes vinculantes en trámites anteriores para que no prazo máximo de 15 días manifesten, con carácter vinculante, o que estimen conveniente nos aspectos relativos a materias da súa competencia.

Instruído o expediente, a consellería competente en materia de acuicultura ditará a proposta de resolución na que se incorporarán as resolucións que resulten dos informes vinculantes e na que se lles concederá un trámite de audiencia de 10 días naturais ás persoas interesadas.

De se realizaren alegacións, darase traslado destas, xunto coa proposta de resolución, aos órganos competentes para emitir informes vinculantes en trámites anteriores para que no prazo máximo de 15 días manifesten, con carácter vinculante, o que estimen conveniente nos aspectos relativos a materias da súa competencia.

No caso de establecementos de acuicultura que precisen, ademais do título administrativo habilitante outorgado pola consellería competente en materia de acuicultura, da autorización autonómica en materia de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, segundo a disposición adicional terceira do Decreto 97/2019, do 18 de xullo:

A consellería competente en materia de acuicultura remitirá copia de todo o expediente ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo para os efectos de continuar a tramitación da autorización para a ocupación da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, segundo o disposto no Decreto 97/2019, do 18 de xullo.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá ditarse e notificarse á persoa interesada no prazo máximo de cinco meses contados a partir da entrada da documentación no órgano competente en materia de urbanismo. Transcorrido o dito prazo sen que sexa notificada a resolución, a solicitude poder-se-á entenderse desestimada por silencio administrativo.

Se a resolución é denegatoria, a consellería competente en materia de acuicultura deberá ditar resolución denegatoria do título habilitante solicitado.

RESOLUCIÓN. CONTIDO

A autorización conterá, como mínimo, o seguinte:

- Titular do permiso de actividade, con indicador do DNI ou CIF.
- Tipo de establecemento e/ou de actividade.
- Especies autorizadas.
- Localización.
- A superficie de dominio privado para ocupar pola instalación.
- Características básicas das instalacións.
- Capacidade do establecemento, se tivese finalidade produtiva.
- Prazo de outorgamento, con indicación da vixencia do título habilitante e posibilidade de prórroga.
- Prazo para a realización das obras e instalacións para a posta en funcionamento da explotación.
- Causas de extinción.
- Condicións particulares baixo as que se outorga o título habilitante, con referencia, se é o caso, á autorización de vertedura e á declaración ambiental correspondente.
- Superficie de dominio privado e de dominio público para ocupar pola instalación.
- Canon para pagar en concepto de ocupación de dominio público.
- Obriga do adxudicatario de constituír, ante o servizo periférico da Dirección Xeral de Costas, a fianza definitiva do 5% do orzamento correspondente das obras e instalacións, segundo o artigo 88.2º da Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas.*

- A realización do replanteo antes de iniciar a execución das obras ou instalacións.

Na resolución incorporaranse todos os informes preceptivos e vinculantes co seu condicionado previamente aceptadas polo promotor/a.

DURACIÓN

O permiso de actividade outorgarase por un período máximo de 10 anos, prorrogables por períodos de igual duración.

No caso de que o establecemento precise da ocupación de dominio público marítimo-terrestre, a concesión de actividade outorgarase por un período máximo de 10 anos, prorrogables por períodos de igual duración de ata un máximo de 50 anos, no caso de que se demostre a rendibilidade e bo uso da explotación.

PRAZOS

Aberto todo o ano.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE503A&ano=2015&numpub=1&lang=gl>.

PRESENCIAL

Non

PRAZO DE RESOLUCIÓN

Seis meses/5 meses (disposición adicional terceira do Decreto 97/2019, do 18 de xullo).

EFFECTOS DO SILENCIO

Desestimatorio.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

O órgano tramitador notificará a resolución:

- ás persoas interesadas.
- ao concello onde se situará a instalación
- aos órganos que emitiron informe vinculante.

Se a resolución é favorable, será publicada no DOG.

NORMATIVA

- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia (DOG núm. 243 do 16 de decembro de 2008).
- Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.
- Decreto 274/2003, do 4 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre (DOG núm. 110 do 9 de xuño de 2003).
- Orde do 25 de outubro de 1999 pola que se regula o funcionamento dos centros de acuicultura en augas continentais e o seu rexistro (DOG núm. 212 do 03 de novembro).
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas (BOE núm. 181 do 29 de xullo de 1988).
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas (BOE núm. 247, do 11 de outubro de 2014).
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296 do 11 de decembro de 2013).
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247 do 27 de decembro de 2013).
- Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG núm. 151, do 9 de agosto de 2019).

*Réxime de fianzas:

Tal como establece o artigo 88 da Lei de costas, os peticionarios de concesións e autorizacións no dominio público marítimo-terrestre reguladas por esa lei acreditarán ante a Administración competente, ao presentar a solicitude, a prestación da fianza provisional por un importe do 2% do orzamento das obras ou instalacións a realizar no dominio de que se trate, na forma que se determine regulamentariamente. Outorgada a concesión ou autorización, constituirase a fianza definitiva, elevando a provisional ao 5% do orzamento correspondente das obras ou instalacións.

Se a persoa interesada desistise da petición ou renunciase ao título, perdería a fianza constituída.

No caso de verteduras, a Administración competente poderá exixir a constitución dunha fianza complementaria, para responder do cumprimento das condicións daquel, en contía equivalente ao importe dun semestre do canon de vertedura, e será susceptible de revisións periódicas en función das variacións deste.

A fianza definitiva será devolta ao ano da aprobación do recoñecemento das obras, no caso de concesión ou de autorización con prazo de vencemento superior ao ano, e noutro caso ao seu vencemento, salvo nos supostos de renuncia e caducidade, con dedución das cantidades que, se é o caso, deban facerse efectivas en concepto de penalidades e responsabilidades en que puidese incurrir o concesionario.

O dereito á devolución da fianza prescribirá se non foi solicitada no prazo de cinco anos a partir do momento en que sexa procedente.

A presentación da solicitude implicará o pagamento da seguinte taxa:

Taxa de permiso/concesión de actividade en materia de acuicultura.

ÓRGANO RESPONSABLE	Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).
DESCRIPCIÓN	Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa con código 32.36.09. Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:
TRÁMITE EN LIÑA	Si http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3

CAUSAS DE EXTINCIÓN DO PERMISO DE ACTIVIDADE

EXTINCIÓN

Serán causas de extinción do permiso de actividade, logo de audiencia da persoa titular, as recollidas no artigo 71 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia:

- O incumprimento das cláusulas do permiso de actividade.
- A renuncia expresa da persoa titular.
- O cesamento da actividade do cultivo por un período superior a dous anos, agás causa xustificada.
- O vencemento do prazo establecido para a posta en explotación, agás causa de forza maior.
- Os danos ecolóxicos notorios, os perigos para a saúde pública ou para a navegación ou outros riscos de análoga transcendencia, debidos ao establecemento ou ao seu funcionamento anormal.

- f) O incumprimento de forma reiterada das normas de extracción, regulación e comercialización.
- g) Ter efectuado o cambio de titularidade do establecemento sen a autorización previa da consellaría competente en materia de acuicultura.
- h) O alugamento do establecemento de cultivos mariños a terceiras persoas.
- i) A utilización das instalacións para a comisión de ilícitos penais, sempre que tales feitos fosen declarados probados por resolución penal firme.
- j) A non remisión dos datos estatísticos a que obriga a lexislación vixente, tras incumprir dous requirimentos.
- k) O incumprimento manifesto dos obxectivos de rendibilidade previstos no proxecto de instalación ou na solicitude de prórroga, cando fose imputable á persoa titular do establecemento.

Serán tamén causas de extinción, segundo establece o Decreto 274/2003, do 4 de xuño, as seguintes:

- O non aboamento dos canons establecidos, cando o seu importe non poida facerse efectivo pola vía de constrinximento.
- O incumprimento dos obxectivos de rendibilidade previstos no proxecto de acuicultura cando estes fosen imputables ao titular da explotación.
- As causas recollidas na Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, para a extinción das concesións de ocupación de dominio público marítimo-terrestre.

5. INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (REGA)

Antes do inicio da actividade e logo da obtención do título habilitante recollido nos apartados anteriores, a persoa titular deberá solicitar a inscrición do establecemento no Rega, mediante o procedemento normalizado PE715C dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

PE715C Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) dos establecementos de acuicultura de Galicia

ÓRGANO RESPONSABLE	Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
DESCRICIÓN	Procedemento de alta, baixa e modificación das inscricións no Rexistro Galego de Explotacións Gandeiras dos establecementos de acuicultura de Galicia
DOCUMENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud (anexo I). • Anexo II no suposto de pluralidade de persoas solicitantes. • Memoria ou descrición de actividades gandeiras e de construción e infraestruturas da explotación. • Sistema de vixilancia zoonosanitaria para aplicar (non se precisa en baixas). • Plano de situación (non se precisa en baixas). • Guía de boas prácticas en materia de hixiene que inclúa medidas de bioseguridade e programa de xestión de subprodutos (non se precisa en baixas). • Acreditación da representatividade (se é o caso). • Xustificante do pagamento das taxas de primeira inscrición ou modificación (non se precisa en baixas).
EXPLOTACIÓNS OBRIGADAS Á INSCRICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Explotacións de produción e reprodución que manteñan e crían animais acuáticos para obter un fin lucrativo das súas producións ou ben para o seu destino ao consumo familiar. • Explotacións especiais (operadores comerciais, centros de concentración de animais acuáticos, explotacións de lecer, ensinanza e investigación ou establecementos de transformación).
EXPLOTACIÓNS DE OPERADORES COMERCIAIS	Aberto todo o ano.
TRÁMITE EN LIÑA Si	https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE715C&ano=2021&numpub=1&lang=gl .
PRESENCIAL Si	Para as persoas que non teñan a obriga de relacionarse electronicamente coa Administración.
PRAZO DE RESOLUCIÓN	Tres meses.
EFFECTOS DO SILENCIO	Non especificado.
NORMATIVA	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución do 18 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se dá publicidade á modificación da Resolución do 24 de setembro de 2021 pola que se incorpora á sede electrónica da Xunta de Galicia o procedemento para realizar altas, baixas e modificacións no Rexistro Galego de Explotacións Acuícolas (DOG núm. 102 do 30 de maio de 2022). • Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal (BOE núm. 99 do 25 de abril de 2003). • Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (BOE núm. 89 do 13 de abril de 2004). • Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zoonosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e o control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos (BOE núm. 242 do 7 de outubro de 2008). • Real decreto 1590/2009, do 16 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zoonosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e o control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos (BOE núm. 260 do 28 de outubro de 2009).

A presentación da solicitude implicará o pagamento da seguinte taxa:

**Taxa de primeira inscrición ou de modificación
(a baixa non está suxeita a taxa).**

**ÓRGANO
RESPONSABLE**

Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

DESCRICIÓN

Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa con código 32.02.00.
Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:

TRÁMITE EN LIÑA Si

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3>.

6. SOLICITUDE PARA QUE O PROXECTO
POIDA SER DECLARADO INICIATIVA
EMPRESARIAL PRIORITARIA (IEP)

Un procedemento a través do que se pode axilizar a tramitación dun proxecto empresarial de xestión de residuos é a **Declaración de iniciativa empresarial prioritaria (IEP)**, sempre e cando se reúnan os requisitos exixidos pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Poderán solicitar a declaración de IEP as persoas físicas e xurídicas que vaian comezar unha actividade sempre que cumpran, cando menos, **dous dos seguintes requisitos**:

- a) Que supoñan un volume de investimento mínimo en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, dun millón de euros, incluídos aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de fontes renovables en que o destino final da enerxía eléctrica producida sexa o abastecemento da industria galega.
- b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de 25 postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, non sendo de aplicación para os proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro.
- c) Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en produción e aproveitamento sustentable de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural.
- d) Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no financiamento instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU.

O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante acordo, reducir os limiares sinalados nas letras a) e b) cando se trate de iniciativas de emprendemento colectivo ou que contribúan á integración sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión mediante fórmulas empresariais da economía social.

Entre os efectos que pode ter a declaración de IEP, cabe citar os seguintes:

- Daráselle **carácter prioritario** á realización dos trámites competencia da Administración autonómica relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias.
- A existencia dunha declaración como IEP determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da **tramitación de urxencia** dos procedementos relacionados.
- A Oficina Doing Business en Galicia realizará o **seguimento e impulso dos trámites** administrativos posteriores necesarios para a súa implantación.

Para a súa tramitación, existe un procedemento normalizado na sede electrónica (IG300D) que se detalla no seguinte cadro-resumo:

Declaración de iniciativa empresarial prioritaria. IG300D.

ÓRGANO RESPONSABLE

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

DESCRIPCIÓN

Poderán presentar a solicitude as persoas interesadas que teñan proxectos que cumpran os seguintes requisitos:

1. Achegar á Comunidade Autónoma de Galicia un valor engadido nas áreas de innovación, vertebración territorial, competitividade, internacionalización, protección ambiental, igualdade no ámbito laboral ou conciliación.
2. Deberán cumprir, polo menos, dous dos seguintes requisitos en materia de investimento e creación de emprego:
 - a) Que supoñan a xeración de 25 ou máis postos de traballo directo baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa.
 - b) Que impliquen a realización dun investimento en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, por importe igual ou superior a un millón de euros (1.000.000 €).

- b) Que impliquen a realización dun investimento en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, por importe igual ou superior a un millón de euros (1.000.000 €).
- c) Que sexan proxectos tractores ou que complementen cadeas de valor, ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos.

DOCUMENTACIÓN

- Solicitud normalizada (anexo I).
- Informe detallado da iniciativa proxectada.
- Documentación acreditativa das medidas que se instaurarán.

PROCEDEMENTO

- Cobertura dun formulario previo electrónico descritivo das circunstancias da persoa solicitante e do proxecto (<http://www.tramita.igape.es>), tras o cal se emitirá un identificador de documento electrónico (IDE).
- Presentación da solicitude por medios electrónicos a través de formulario normalizado (anexo I) e da documentación complementaria. Será obrigatoria a inclusión do IDE na solicitude.
- O Igape poderá solicitar informes das consellerías afectadas, revisará e valorará se o proxecto cumpre cos requisitos e emitirá un informe vinculante, remitindo a solicitude e toda a documentación acreditativa á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- A declaración de IEP será acordada polo Consello da Xunta de Galicia.

OBRIGATORIO Non

PRAZOS

Aberto todo o ano.

TRÁMITE EN LIÑA Si

Procedemento IG300D.

PRESENCIAL Non

NORMATIVA

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (título IV, artigos 42 e seguintes).

7. PROCEDIMENTOS RELACIONADOS

Mencionamos a continuación algúns procedementos relacionados cos establecementos de acuicultura que poden ser de interese:

PE503B. Autorización para a ampliación ou remodelación de establecementos de acuicultura na zona terrestre, que non afecten ao dominio público ou ao volume da edificación.

PE504A. Prórroga de establecementos de cultivos mariños e auxiliares.

PE507A. Autorización para cambios de dominio de establecementos de cultivos mariños e auxiliares - transmisión *inter vivos* do permiso.

PE507B. Autorización para cambios de dominio de establecementos de cultivos mariños e auxiliares - transmisión *mortis causa* do permiso.

PE510A. Autorizacións para ampliacións de especies autorizadas en establecementos de acuicultura situados na zona terrestre e marítimo-terrestre.

PE404A. Concesión do permiso de inmersión de especies mariñas.

PE713A. Permiso de inmersión de organismos nos centros de acuicultura de augas continentais.

PE714A. Memoria anual de actividades de centros de acuicultura en augas continentais.

ANEXO 1. TRAMITACIÓN AMBIENTAL

A tramitación ambiental dos proxectos para a instalación de novos establecementos de acuicultura varía en función das características do proxecto:

1. Proxectos previstos no artigo 33 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, aos que non lles resulte de aplicación a normativa sobre a avaliación de impacto ambiental (instalacións para a acuicultura intensiva que teñan unha capacidade de produción inferior a 500 toneladas ao ano). Someteranse a **avaliación de incidencia ambiental**.
2. Proxectos considerados no anexo II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (instalacións para a acuicultura intensiva que teñan unha capacidade de produción superior a 500 toneladas ao ano). Someteranse a **avaliación ambiental simplificada**.
3. Proxectos recollidos no anexo I da Lei 21/2013 ou os que, tendo que someterse a avaliación ambiental simplificada, así o decida caso por caso o órgano ambiental. Someteranse a **avaliación ambiental ordinaria**.
4. Proxectos contemplados na disposición adicional sétima da Lei 21/2013: proxectos que poidan afectar a espazos da Rede Natura 2000, non incluídos no anexo II da citada lei. Someteranse á correspondente avaliación das súas repercusións e solicitarase informe ao órgano competente para a xestión do dito espazo (**informe de afección a Rede Natura 2000**).

Avaliación ambiental simplificada

DESCRIPCIÓN

En caso de proxectos sometidos a procedemento de avaliación ambiental simplificada, deberá presentarse ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, acompañada do documento ambiental.

CONTIDO DO DOCUMENTO AMBIENTAL

- A motivación da aplicación de impacto ambiental simplificada.
- A definición, características e localización do proxecto.
- Unha exposición das principais alternativas estudadas, incluída a alternativa cero, e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais.
- Unha descrición dos aspectos medioambientais que poidan verse afectados de maneira significativa polo proxecto.
- Unha descrición e avaliación de todos os posibles efectos significativos do proxecto no medio ambiente, que sexan consecuencia das emisións e os refugallo previstos e a xeración de residuos ou do uso dos recursos naturais, en particular o solo, o aire, a auga, o medio mariño, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural e a interacción entre todos os anteditos factores, durante as fases de execución, explotación e, se é o caso, durante a demolición ou abandono do proxecto.
- Incluirase un apartado específico coa identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos efectos esperados sobre os factores anteriormente enumerados, derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes, sobre o risco de que se produzan eses accidentes ou catástrofes e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, no caso de concorrencia destes, ou ben informe xustificativo sobre a non aplicación deste apartado ao proxecto.
- As medidas que permitan previr, reducir, compensar e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio ambiente da execución do proxecto.
- A forma de realizar o seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no documento ambiental.

NORMATIVA

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; artigo 45, anexo II.

Espazos protexidos Rede Natura 2000: están regulados polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Poden consultarse na seguinte ligazón:

<https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/>

Avaliación ambiental ordinaria

DESCRIPCIÓN

En caso de proxectos sometidos a procedemento de avaliación ambiental ordinaria, a persoa promotora elaborará o **estudo de impacto ambiental**.

- Previamente ao comezo do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, o promotor/a pode solicitarlle ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental. Para iso, a persoa promotora presentará ante o órgano substantivo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, acompañada do documento inicial do proxecto.

DOCUMENTACIÓN

- No estudo de impacto ambiental constará, polo menos, a información contida no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, nos termos desenvolvidos no anexo VI desta mesma normativa.
- Cando o órgano ambiental elaborase o documento de alcance de conformidade co disposto no artigo 34, o promotor elaborará o estudo de impacto ambiental axustándose á información requirida no devandito documento.

NORMATIVA

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; artigo 35, anexos I e VI.

Avaliación de incidencia ambiental

DESCRIPCIÓN

O promotor debe solicita a emisión da declaración de incidencia ambiental ante o órgano da consellería competente en materia de medio ambiente, mediante o procedemento MT900A.

DOCUMENTACIÓN

- Proxecto técnico redactado por persoal técnico competente na materia.
- Memoria descritiva da actividade co contido que se indica no artigo 34.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro.
- Acreditación do aboamento da correspondente taxa 32.78.00 pola solicitude de emisión da declaración de incidencia ambiental.

NORMATIVA

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Informe afección a Rede Natura 2000

DESCRIPCIÓN

A consellería competente en materia de acuicultura solicitará o informe de afección a Rede Natura 2000 ao órgano da Consellería competente en materia de medio ambiente.

DOCUMENTACIÓN

- Proxecto técnico redactado por persoal técnico competente na materia.

NORMATIVA

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; disposición adicional sétima.

ANEXO 2. TRAMITACIÓN NA ZONA DE
SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO
PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

O Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, regula o procedemento de autorización dos usos e obras admisibles na dita zona de servidume.

ÓRGANO RESPONSABLE	Consellería responsable en materia de costas (Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).
DESCRCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Requirirán autorización autonómica sectorial en materia de costas as obras, instalacións e actividades promovidas por persoas físicas e xurídicas distintas da propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades do sector público autonómico que, con carácter ordinario, constitúen usos permitidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre segundo a lexislación estatal de costas. • Os usos e actuacións referidos deberán ser conformes co plan urbanístico e co réxime xurídico que, segundo o tipo de solo en que se desenvolvan, se establece na lexislación urbanística e na normativa sectorial que, se é o caso, resulte de aplicación.
DOCUMENTACIÓN	<p>As persoas interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Referencia catastral da parcela obxecto da obra, instalación ou actividade solicitada. • Certificación municipal de cualificación urbanística do solo. • Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade dos terreos, mediante calquera medio de proba admisible en dereito. • Plano de deslinde definitivo ou, se é o caso, plano de definición provisional da liña de deslinde a escala 1/1.000, efectuado ou autenticado polo órgano correspondente da Administración do Estado, no cal deberá figurar representada a localización e a ocupación exacta da actuación solicitada. • Información fotográfica na cal se incluírán fotografías da contorna. • Xustificante de pagamento da taxa correspondente. <p>Para o caso de obras maiores, deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 anterior, a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto básico das obras ou instalacións, suscrito por persoal técnico competente. • Memoria xustificativa e descritiva con anexos, se é o caso, que deberá recoller as características da instalación e outros datos relevantes, tales como criterios básicos do proxecto, programa de execución dos traballos e, se é o caso, o sistema de evacuación de augas residuais. • Planos de situación a escala adecuada. • Plano topográfico do estado actual, a escala non inferior a 1/1.000. • Planos de alzados e seccións características. • Planos de planta xeral, con representación do deslinde, límite interior da ribeira do mar, servidume de tránsito e de protección. <p>Para o caso de obras menores, deberá achegarse, ademais da sinalada no punto 1, a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Memoria explicativa das obras, con expresión das súas características, uso previsto e orzamento destas detallado por partidas. • Planos de definición, incluíndo alzados e sección características. • En caso de peche, bosquejo da obra, con indicación de medidas. • Plano de perfil e topográfico da parcela, escala 1:500, estado previo e estado definitivo.
OBRIGATORIO	Si Nos casos descritos.
PRAZO	5 meses Para a resolución a autorización.
TRÁMITE EN LIÑA	SI https://sede.xunta.gal/buscador?c=&termo=MT701A+-+Autorizaci%C3%B3n+de+obras+e+actuaci%C3%B3ns+na+zona+de+servidume+de+protecci%C3%B3n+do+dominio+p%C3%BAblico+mar%C3%ADtimo-terrestre
PRESENCIAL	Si Registro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

NORMATIVA

Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

ANEXO 3. TRAMITACIÓN MUNICIPAL

Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello

No relativo aos trámites municipais que terá que realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta é a necesidade de consultar, con carácter previo, a normativa que aprobase o concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, que deberán ir acompañadas de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso

Resulta especialmente relevante neste momento **consultar as ordenanzas fiscais** do concello, co fin de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

Aboamento da taxa de outorgamento de licenza/ presentación de comunicación previa

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

As entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

- Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outros supostos vinculados á prestación de servizos ou á realización de actividades administrativas de competencia local.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO

Si

Naqueles concellos en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanzas fiscais do concello.

Aboamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

XESTIÓN DO TRAMITE

Administración local.

DESCRICIÓN

- O ICIO é un tributo indirecto, de imposición potestativa, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se exixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se exixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.
- Son suxeitos pasivos deste imposto os donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela, é dicir, quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.
- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra (custo de execución material), nos termos recollidos na normativa de facendas locais, e o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que este tipo poida exceder o 4%.
- O concello poderá establecer bonificacións potestativas sobre a cota deste imposto, entre as que cabe destacar a posible existencia, se así se regula nas ordenanzas fiscais municipais, dunha bonificación de ata o 95% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias vinculadas, entre outros factores, ao fomento do emprego.
- O concello poderá exixir a autoliquidación por parte do suxeito pasivo ou o seu substituto.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBIGATORIO Si

Naqueles concellos en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanza fiscal do concello en cuestión.

Non obstante, a persoa promotora deberá proceder á consulta, para o seu coñecemento, dos elementos doutros tributos municipais relacionados co posterior exercicio da actividade que non se abordan neste catálogo, como poden ser o imposto sobre actividades económicas ou o imposto sobre bens inmovibles, entre outros.

Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade

Na maior parte dos casos, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai realizar ás características propias da actividade. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello**, en función do acto de que se trate.

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A primeira ocupación dos edificios.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

DOCUMENTACIÓN

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico ou técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exhibible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exhibibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e xunto coa solicitude da licenza presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZO		As peticións de licenza resolveranse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Porén, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos ¹ .
OBRIGATORIO	Si	Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. • Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. • Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia. • Ordenanzas municipais aplicables.

Comunicación previa para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE	Administración local.
DESCRICIÓN	<p>Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A execución de obras ou instalacións menores. • A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas. • O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase. • A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial. • A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa. • As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo. • A instalación de invernadoiros. • A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados. • Os cerramentos e valados de predios.
DOCUMENTACIÓN	<p>A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.

1 / Artigos 54.3 e 55.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZOS

No caso das comunicacións previas urbanísticas, a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicarlle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de 15 días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constituía o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo².

OBRIGATORIO Si

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

TRÁMITE EN LIÑA Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou de presentar a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

2 / Artigo 54.5 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exíxirase que a promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

Neste sentido, cómpre reiterar que, no suposto de que o establecemento de acuicultura se localice en **solo rústico de especial protección**, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Ademais, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico³ que determina que a promotora **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, suscrita por técnico/a competente, na cal manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias –a realización da actividade e a execución de obras para o exercicio desta–, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta mentres a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Logo de rematar a obra, presentarase **comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoa técnica competente, así como, cando proceda, o certificado acústico⁴.

3 / Artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia; artigo 11.2 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos; e artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4 / Artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE		Administración local.
DESCRICIÓN		Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none">• Datos de identificación da persoa titular.• Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.• Certificado final de obra asinado por técnico ou técnica competente.• Certificado acústico (cando proceda). Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.
OBRIGATORIO	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.• Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.• Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.• Ordenanzas municipais aplicables.

Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras

Nos casos en que non fose necesaria a realización de obras para o inicio da actividade, tras a realización dos trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, o promotor/a deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional, **require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa** ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.

Comunicación previa para o inicio da actividade sen realización de obras previas

XESTIÓN DO TRÁMITE	Administración local.
---------------------------	-----------------------

DESCRICIÓN

A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:

- Exercicio de actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.
- Exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, subscripta por técnico/a competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

OBRIGATORIO

Si

No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.

En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que a persoa interesada nela sinala expresamente, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.

- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou tivesen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de 10 días. Non obstante, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten emendables ou non se emenden no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou establecemento ao que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iniciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.

Esta actuación de verificación será potestativa para o concello naqueles supostos en que a documentación achegada inclúa un **certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal**, sen prexuízo de que se poidan realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación.

Certificados emitidos polas entidades de certificación de conformidade municipal

ÓRGANO RESPONSABLE

Entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom).

DESCRIPCIÓN

Son aquelas entidades de dereito privado que, despois de seren autorizadas pola Administración autonómica, tendo capacidade plena de obrar e actuando baixo a súa responsabilidade, se constitúan coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa aplicable no ámbito municipal.

O contido dos certificados de conformidade non ten carácter vinculante para os servizos técnicos municipais nin para os órganos municipais con competencia na materia, e en ningún caso substituirá as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción.

OBRIGATORIO Non

As persoas interesadas en presentar unha comunicación previa ou unha solicitude de licenza ante a Administración municipal poden dirixirse á entidade da súa elección, dentro das que estean habilitadas para desenvolver actuacións de certificación de conformidade municipal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de solicitar a realización da función de certificación de conformidade respecto da instalación, establecemento, actividade ou obra que vaia ser obxecto da comunicación previa ou da solicitude de licenza.

A relación entre as persoas que soliciten a realización da función de certificación de conformidade e as entidades de certificación de conformidade municipal estará suxeita ao dereito privado.

CONSULTA

Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

NORMATIVA

- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

Cambios de titularidade da actividade ou establecemento

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao concello, de forma que, neste caso, sen prexuízo do que determine a normativa local aplicable en cada caso, a comunicación previa deberá incluír unicamente:

- Os datos identificativos da nova persoa titular.
- A referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade.

Este documento é redactado con fins meramente informativos pola Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa, da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información contida neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

